

2019

II PREMIO MORALES

PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA

TRAS OS PASOS DE MORALES: O FIANDÓN DA ALDEA



FILANDÓN. Luís Álvarez Catalá, 1872



EDICIÓN
POSITIVAS



REAL
ACADEMIA
GALEGA



CORULLÓN

II PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2019

-TRAS OS PASOS DE MORALES: O FIANDÓN DA ALDEA-

BASES DO CONCURSO TRAS OS PASOS DE MORALES

1. CATEGORÍAS

A. DEBUXANDO O POEMA

“O FIANDÓN DA ALDEA”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES

Poderá concorrer calquera alumna ou alumno de educación infantil e primaria adscrito ao Programa para a promoción do idioma galego no Bierzo e Sanabria.

O debuxo será orixinal e inédito, en formato A4, e realizado con calquera técnica.

O autor ou autora participará cun máximo de dous debuxos, no(s) que interpretará o poema “O fiandón da aldea”, de Antonio Fernández Morales.

As creacións serán enviadas nun sobre pechado ao seguinte enderezo postal: Consejo Comarcal de El Bierzo. Avenida de la Minería, s/n (Edificio Minero), 24400 Ponferrada, León.

Neste sobre incluírase, xunto co debuxo, o nome e apelidos do alumno ou alumna, centro escolar e curso académico.

No sobre, escribirase: **II PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2019, CATEGORÍA 1**

B. CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO O POEMA **“O FIANDÓN DA ALDEA”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES**

Poderá concorrer calquera alumna ou alumno de educación secundaria e bacharelato adscrito ao Programa para a promoción do idioma galego no Bierzo e Sanabria.

A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir do poema “O fiandón da aldea”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome **O TÍTULO DA CREACIÓN**, e que conterá o lema ou pseudónimo e, a continuación, o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, que levará por título **O PSEUDÓNIMO**, e que conterá o nome e apelidos do autor ou autora e o nome do instituto.

Na mensaxe indicarse, no asunto: **II PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2019**

C. CONTANDO, POETIZANDO E DRAMATIZANDO O POEMA **“O FIANDÓN DA ALDEA”, DE ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES**

Poderá concorrer calquera persoa do Bierzo e Sanabria maior de 18 anos e mais o alumnado de galego e portugués da Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada.

A creación literaria será orixinal e inédita.

O autor ou autora escribirá unha peza literaria en galego a partir do poema “O fiandón da aldea”, de Antonio Fernández Morales. Escollerá libremente entre os seguintes xéneros literarios: conto, poesía ou teatro.

Participará cunha soa creación literaria, cunha extensión máxima de 7.000 caracteres (catro follas). Non haberá extensión mínima. Presentarase en formato Word, letra Times New Roman, tamaño 12 e espazo interlineal dobre.

A participación no concurso implica a aceptación total das bases.

As persoas participantes enviarán un só correo electrónico a premiosmorales@gmail.com, cos seguintes documentos adxuntos:

1. Documento 1, que levará por nome **O TÍTULO DA CREACIÓN**, e que conterá o lema ou pseudónimo e o texto que se presenta ao concurso.
2. Documento 2, e que levará por título **O PSEUDÓNIMO** e, deseguido, o nome e apelidos do autor ou autora, teléfono, enderezo postal e correo electrónico e, de ser o caso, curso e centro educativo.

Na mensaxe indicárase, no asunto: **II PREMIO MORALES PARA A PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA NO BIERZO E SANABRIA. 2019**

2. PRAZO. XURADO. PREMIOS. **PUBLICACIÓN. DEREITOS DE AUTORÍA**

1. PRAZO

O prazo para participar no certame rematará o día 15 de outubro de 2019.

2. XURADO

O xurado estará integrado por persoas de recoñecido prestixio elixidas polo comité organizador do II Premio Morales para a promoción da lingua galega no Bierzo e Sanabria.

Valorarase a orixinalidade, creatividade e innovación, a calidade estética e artística e, no caso das creacións literarias, a calidade da lingua.

O xurado poderá desbotar aquelas producións cuxo contido non se axuste ás bases ou que promovan unha mensaxe ofensiva, violenta ou discriminatoria.

O xurado poderá declarar deserto o premio.

A decisión do xurado é inapelable.

A organización reserva para si o dereito a interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento. A presentación ao certame implica a aceptación destas bases.

3. PREMIOS

Os autores e autoras gañadores serán agasallados cunha publicación que recollerá os traballos premiados e outras creacións seleccionadas pola comisión organizadora e que será presentada durante o acto de entrega dos premios. Así mesmo, participarán no acto público de entrega dos premios.

4. ACTO DE ENTREGA

O acto de entrega dos premios será público e realizarase o sábado 30 de novembro en Corullón.

5. PUBLICACIÓN

Os traballos premiados e outras creacións seleccionadas pola comisión organizadora formarán parte dunha publicación que se presentará durante o acto de entrega dos premios. A comisión organizadora do acto reserva para si a decisión de seleccionar aquelas creacións que considere adecuadas.

A publicación será enviada aos centros de ensino de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato, adscritos ao Programa para a Promoción do Galego no Bierzo e Sanabria, á Escola Oficial de Idiomas e ás bibliotecas públicas do Bierzo e Sanabria.

6. DEREITOS DE AUTORÍA

A presentación a este certame implicará para as persoas premiadas a cesión dos dereitos de propiedade intelectual de contido patrimonial das obras en favor dos organismos que o convocan.

De ser o caso, nas accións informativas e divulgativas e nas publicacións relacionadas con este certame farase constar a colaboración das entidades participantes e utilizaranse, cando proceda, os seus logos de acordo coa normativa de identidade corporativa.

ANEXOS

POEMA “O FIANDÓN DA
ALDEA”

*ENSAIOS POÉTICOS EN
DIALECTO BERCIANO, 1861*

ANTONIO FERNÁNDEZ
MORALES

O FIANDÓN DA ALDEA

Farto xa do meu lugar
deume un tempo por viaxar
a Madrí, mais presto idea
deume outra vez de trocar
a Madrí por miña aldea.

Ó postre me decidín,
e sen traballo ningún
da Babilonia salín
a lombos dun burro ruín,
e por esas terras fun.

A Dios gracias, naide a guerra
declarou ós meos cuartiños
nin nos valles, nin na serra,
porque os ladrois desta terra
non andan polos camiños.

Mais como o meu rucio fiel
era o pobriño tan ruín,
o levaba no camín,
unhas veces eu a el,
outras veces el a min.

Despois de feita a xornada
buscaba eu presto a pousada
i o burro nela o pesebre;
cenaba eu gato por lebre,
piensaba el palla e cebada.

Así as Castillas crucein
i ó fin da vella, un xardín,
que chaman Bierzo, atopein,
e dixeran logo pra min:
- estas terras me convein.

De deixarme deu idea
a carreteira, e dereito,
por un carreiro mal feito,
tirein cara pra unha aldea
que ten as casas de teito.

Púdome seique tentar
algún mal demo do
inferno a parar neste lugar,
onde, pra andar, sendo
inverno, ou no trollo hai que
nadar.

Ou é menester que algúa
bruxa pauto ou trato ter
pra que enseñe a cencia súa,
ou ben, pra ir fóra, poñer
en cada pé unha falúa.

Non falarein aquí agora,
nin do caldo pra xantar,
nin dos ganzos pra
alumar, nin do demais,
porque fora cousa de
nunca acabar.

Mais si direin que ó fiandón,
á casa do tío Antón,
deume de ir a loucura
alumado dun fachón
nunha noite mui escura.

E nas galochas metín
os meus peis, coma os veciños,
mais os tobelos torcín
e tal zoupada aíllí din
que desfixen os fociños.

As máis escachein nun canto
dentes, queixadas, e moas;
i estúvome ben, por cuanto
pra outra vez escarmein tanto
que non quixen mais canoas.

Non por eso desistín
de volver ó fiandón,
mais esta vez discurrín
ir a lombos do rocín
e tuven muita razón.

Recibíronme contentos
o tío Antón, a sobriña
e súa muller labieiriña;
e despois dos cumprimentos
metéronme na cociña.

Xa estaban alí o tío Xan,
o tío Fuco, o Zapateiro,
o Señor Nelo, o barbeiro,
o Xastre i o Sacristán,
o Pedáneo i o ferreiro.

Pé do lume de cantroxos
tamén vin, cabo dos potes,
mozas cos refaixos roxos
que asentaban os quixotes
nos escanos e nos troxos.

No medio, sobre a lareira
e colgada da preganza,
vin dos ranchos a
caldeira
cas verzas, que na maseira
os cebaban pra a matanza.

Cas castañas que se asaban
o cacho estaba debaixo,
i a veces cuando estoupaban,
un melandro lles queimaban
Do mandil ou do refaixo.

E polo orden diario,
primeiro toda a reunión
reza fincada o rosario,
porque así o manda o Vicario,
e logo empeza o fiandón.

En cuanto as mozas sacaban
lurias do cerro da roca,
á mata os homes xugaban
o gotín pra facer boca
cas castañas que se asaban.

I entre eles non falta un
trasto que acaso por ser ben
casto, ca Perica aíllí se tumba,
porque o contrario lle rumba
nun mate, co Bolo ou Basto.

Xa o partido arrematao
mandan correndo un criaio,
descalciño de pé e perna,
cun gran xarro escachelao
polo gotín á taberna.

Sacando logo algúis zotes
as castañas da fogueira,
se liaban a lapotes
entre a cernada i os potes
pola castaña primeira.

E naide esta luita estraña
porque grandes honras son
as que gana quen apaña
e bulla a primer castaña
pra a muller do tío Antón.

Mais ó chegar, cheo de barro,
co viño o criaio fornido
rinchan todos como un carro
de alegres, cara pra o xarro
decíndolle ben venido!

E cada un, hasta o máis guapo,
polo xarro ha de beber
anque molle todo o papo;
solo o patrón i a muller
o beben por un cachapo.

A cada sorbo que en paz
engule cada vecín,
como os mocos un rapaz,
cas mangas limpa tenaz
as súas nefres i o focín.

Bota en seguida un arruto;
respóndenlle: "bon proveito"
a aquel estupendo bruto,
que dá as gracias satisfeito
quando o focín deixa enxuto.

I anque é moda ben común,
porque aíllí tamén hai modas,
bullar ás mozas cada un
algúa castaña, hai algún
laczán que as mama todas.

Cuando queiman, as rebullan
entre a trampa dos calzois,
ou cos calcaños as bullan;
entre eles logo as estrullan
i ás mozas danllas
despois.

E mentras ó viño novo
os demás lle fain visitas,
non falta un tolo ou un bobo
que fale do gado, lobo
e da raposa e das pitas.

Cuando a tripa xa tein ben
chea de caldo das viñas,
danlle un baque a unha sartén,
sendo esta a seña tamén
pra empezar as cousiliñas.

Ben presto deixan a roca
as mozas, i aquel que máis
cabeza ten, é a quen toca
abrir primeiro súa boca
pra falar así aos demais:
- Antiyer ó monte fun
i atopein en rebullón
seis páxaros nun beirón;
dun cantazo matein un:
A que naide do fiandón
atina cuantos quedaron
no beirón? - Ben o sein, ben;
gritou un. - Pois eu tamén.
- Tamén eu. I outros berraron:
- Eso pouca cencia ten.

- Pois que atinacheis, prometo
a quen máis primeiro o diga
pagarlle ora mesmo un neto.
- Paréceme que xa o meto,
gorxa abaixo, na barriga.
Queres que o diga? - Di, hom.
- Si había seis no rebullón
e matache un, claro é, tolo,
que quedaron no beirón
cinco páxaros tan solo.
- Si tan solo matein un
dos seis que ailí se
atoparon, claro é, pedazo
de atún,
que ailí non quedou ningún
porque os demais escaparon.
- E ten razón! - Razón ten!
- I é verdá! - Non dixen ben.
- Porque eres como un rocín.
- Pra servir a Dios. - Amén.
- Pois ora tócame a min.
¿Que cousa, cousiña é:
blanca, branca como a neve;
negra, negra como a pez;
fala, fala sin ter boca;
anda, anda sin ter peis?
- Será, será... eso ha ser
a luna ou o Sol. - Non son.
- De comer é cousa? - Non.
- De beber? - Nin de beber.
- Ora volve a decir, hom.

E mui pausadiñamente
volve a repetirla a seu

contrario que atentamente
escuita e diz de repente:
- Xa atinein; ese son eu.
O meu dentamio non troca
o blanco por cuanto teis;
meu coiro é negro, cual veis;
eu falo... - Pero teis boca.
- Eu ando... - Pero teis peis.
- I é verdá, hom, que pra andar
teño os peis; si así non fora
che atinaba; vou pensar...
Acabara de atinar:
a xata da texedora;
ten blanco o coiro no envés,
sendo máis negra que as ratas;
muxe i anda todo o mes.
- Porque ten boca e ten pes.
- Non ten peis tal, que ten patas.
- Non é a xata. - Entonces peta
noutro lao; non é pra min.
- Dáste por vencido? - Sí.
- Pois que onde penso che meta
en pena o Demo o focín.
En blancura a neve iguala;
negra como o pez a veo;
sin peis anda e non resvala;
i, ó que a lei, sin boca fala
unha carta do correo.
- I é verdá!... Vou confesar
que o da xata é boricada;
mais quen che a podía atinar
sendo tan arrevesada?
- Pois pra outra vez a estudar.

Un bon pedazo falaron
aínda de cousiliñas,
mais logo que arremataron,
elas ás rocas tornaron;
eles ó leite das viñas.

Cuando o viño iba concluído,
pra aborrallarse con elas,
aproveitando un descuido,
cun garabullo encendido
préndenlles lume ás
manelas.

Elas que vein que o colgaxo
da roca se lles consume
o meten presto debaixo
do mandil, e co refaixo
afogan do cerro o lume.

En tanto brincan sobre elas
xa cuasi calamoucanos,
i anque lles dan nas canelas
cas rocas, xa sin manelas,
as tumban sobre os escanos.

E tanto aíí se investiron,
que a luz do candil mataron
i hasta o lume escagallaron;
elas entonces fuxiron,
i eles tras delas brincaron.

Eu, que nunca tan mirein
pasmada a cabeza tiña;
e cuando me percatein,
solo a escuras me atopein
entre os potes na cociña.

Listo encendín cunha brasa
aíí o candil; cabaleando
no burro funme prá casa
e de aurora á luz escasa
pra Madrí xa iba viaxando.